Para o desenvolvemento de actividades de formación para o emprego no ámbito das profesións relacionadas coa construción naval (carpintería de ribeira e novas técnicas de construción naval) así como daquelas relacionadas coa promoción de actividades náuticas turístico-deportivas, o concello de Vigo alugou o inmovible sito na Estrada do Vao nº 151, propiedade da Comunidade de Herederos de Adolfo Abraín Domingo.

O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no período 15/11/00-15/05/02 e , segundo a súa Cláusula Segunda, será “prorrogable por un máximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cláusula Terceira di “ De executarse as prórrogas, o importe da renda actualizaríase anualmente co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (achégase copia do contrato de arrendamento e da certificación do acordo da Comisión de Goberno municipal).

Deste xeito, no expediente 1237-077 recóllense as actuacións correspondentes á prórroga efectuada no período comprendido entre 16/05/02-15/05/03, no 1658-077 as relativas á prórroga do período 16/05/03-15/05/04, no 2288-077 as do período 16/05/05-15/05/06, no 3741-077 as do período 16/05/06-30/06/07, no 4554-077 as do período 01/07/07-31/12/07, no 4965-077 as do período 01/01/08-31/03/08, e no 5108-77 as do período 01/04/08-30-09-08 (achéganse no expediente copias

das certificacións dos correspondentes acordos de Comisión de Goberno e Xunta de Goberno Local).

Unha vez manifestada pola propiedade a súa vontade de prórrogar seis meses máis a relación co Concello de Vigo no referido ao aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 nas condicións indicadas no contrato de arrendamento (achégase copia do escrito 12/09/08 remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitirá continuar co desenvolvemento de accións de fomento do emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do novo proxecto acollido ao programa de escolas obradoiro, denominado “Escola obradoiro Mar de Vigo IV”), dende esta Concellaría de Promoción Económica e Emprego enténdese que é necesario e posible prorrogar o citado contrato de arrendamento por un novo periodo seis meses, periodo no que se deberá de negociar a posibilidade de adquirir en propiedade o citado inmovible.

Deste xeito, a prórroga do contrato tería vixencia de SEIS MESES dende o 01/07/09 ata o 31/12/09 e o seu custo mensual, para este periodo, será de 3.712,00 €, IVE incluído, tendo un custe para o que resta de ano de 22.272,00 €, que serán aplicables á partida 3220 202 0000 “Aluguer de inmo- bles”, do presuposto do ano 2009.

En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referen- cia, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBAR O SEGUINTE:

- Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 desta ci- dade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF E36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q.
- Aprobar ó pago do aluguer polo montante de 22.272,00 € (vinte dous mil douscentos setenta e dous euros) sendo a duración da prórroga do contrato por seis meses (6 meses), dende o día 01/07/2009 ata o día 31/12/2009. Este pago poderá imputarse contra a partida 3220 2020000 “Aluguer de inmo- bles” do vixente presuposto, estando esta partida dotada con saldo suficiente para facer efectivo o pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1436).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba as seguintes relacións dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	9034642	5.000,00	4.032,70	967,30	----
CABRERA RIANDE JORGE	9019997	700,00	670,00	30,00	----
CASTILLO MARTÍN CARMELO	9015791	163,62	163,62	----	----
CASTILLO MARTÍN CARMELO	9018206	3.000,00	1.803,12	1.196,88	---

CASTILLO MARTÍN CARMELO	9018269	600,00	129,30	470,70	----
COVELO ROMA ROSENDO G.	9034647	11.000,00	11.000,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	9022733	1.000,00	657,19	342,81	----
ESPADA RE CAREY LUIS	9022734	1.000,00	355,18	644,82	----
ESPADA RE CAREY LUIS	9022737	600,00	588,37	11,63	----
ESPADA RE CAREY LUIS	9029464	1.000,00	979,19	20,81	----
ESPADA RE CAREY LUIS	9033919	17.999,00	16.689,80	1.309,20	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	9028561	10.935,00	9.891,00	1.044,00	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	9036972	116.000,00	116.000,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	9036980	18.700,00	18.700,00	----	----
MARTÍNEZ OYA VÍCTOR	9040654	63.800,00	63.800,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	9031529	367.621,90	365.821,90	1.800,00	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	9033753	3.300,00	3.300,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	9041283	66.171,76	64.405,66	1.766,10	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	9031530	5.000,00	4.980,40	19,60	----
OTERO LAMAS JOSÉ ÁNGEL	9026686	20.000,00	20.000,00	----	----
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	9024454	116.000,00	115.690,00	310,00	----
RODRÍGUEZ LAGO A ELISA	9023679	1.100,00	1.007,35	92,65	----
RODRÍGUEZ LAGO A ELISA	9039319	191,81	191,81	----	----
RODRÍGUEZ LAGO A ELISA	9039320	410,00	410,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9037887	356,88	354,55	2,33	----
		831.649,97	821.621,14	10.028,83	,00

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FA-VOR
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	9015566	1.000,00	941,97	58,03	---
CABRERA RIANDE JORGE	9007502	900,00	888,56	11,44	----
CABRERA RIANDE JORGE	9019998	600,00	598,32	1,68	----
CARNEIRO MINIÑO PILAR	9008006	1.500,00	1.130,15	369,85	----
COMESAÑA ALÉN JUAN RAMÓN	9024435	1.000,00	963,95	36,05	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ Mª PAZ	9019994	26.000,00	19.755,96	6.244,04	----
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	9013061	200,00	140,52	59,48	----
RODRÍGUEZ LAGO A ELISA	9024419	50,00	50,00	----	----
		31.250,00	** Expression is faulty **	** Expression is faulty **	** Expression is faulty **

6(1437).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “AXARDINAMENTO DE PARCELA MUNICIPAL EN RÚA ERNESTO LECUONA”. EXPTE. 4842/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 21.10.09, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra “Axardinamento de parcela municipal en rúa Ernesto Lecuona”.

7(1438).- SOLICITUDE ABOAMENTO SEGURO POR DESPRAZAMENTO AO EXTRANXEIRO DE D. MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 19322/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión, do 21.09.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a D. Manuel López Rodríguez, con DNI 36.123.646-F, e nº de persoal 76514, bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, de conformidade co art. 35 do vixente Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais dos Traballadores ao Servizo do Concello de Vigo, o importe do custo da póliza do seguro de asistencia médico-sanitaria por desprazamento a Estados Unidos, continxencia non cuberta pola Seguridade Social por un total 71,10 €.

8(1439).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE 2009 Á FUNCIONARIA Dª MARTA ALONSO POSADA. EXPTE. 4336/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer a funcionaria Doña Marta Alonso Posada, con numero de persoal 79396 e posto de administrativa de admon xeral pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Técnico de Xestión do Servizo de atención cidadá **polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xullo de 2009 a cantidade de 1950,33 €,** con cargo a partida 121.0.1500000 “Productividade”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

9(1440).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA D^a MARTA NÚÑEZ ABOY. EXPTE. 11785/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

En data 8 de outubro de 2009, recibese no Servizo de persoal expediente 11785--331 “Solicitud de productividade por encomenda de funcions ao posto de tecnico de actividades culturais do departamento de cultura”. Incluese no expediente copia da comunicación a interesada da Resolucion de data 25 de xaneiro de 2008 do Concelleiro delegado de xestion municipal, informe da relacion de horas realizadas fora do horario habitual de traballo nos meses de abril, maio e xuño de 2009, asinado pola funcionaria e conformado polo xefe do servizo e o Concelleiro delegado da area de cultura e “solicitud de productividade por encomienda de funcions terceiro trimestre ano 2009”, asinada polo Xefe de servizo de Cultura e conformada polo Concelleiro delegado da area de cultura e animacion sociocultural.

En data 25 de xaneiro de 2008, o concelleiro delegado de xestion municipal resolve encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de relativas á xestión da programación de artes escénicas e musicais da Unidade de Cultura á funcionaria municipal D^a Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78.436, administrativa de admón xeral adscrita á Unidade de Cultura, motivada na circunstancia de que o funcionario técnico de actividades culturais que ata o momento prestaba os seus servizos no dito servizo foi trasladado á Área de Servizos Xerais. A encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de traballo de técnico de actividades culturais que no seu momento quede vacante, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

De dita Resolucion douse conta a Xunta de Goberno local na súa sesion de data 4 de febreiro de 2008.

De conformidade coas instruccions de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións., agás que a productividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periodico, a productividade deberase calcular en funcion dos días efectivamente traballados .Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, a funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy disfrutou de vacacions do 6 ao 10 de xullo (5) e do 18 de agosto ao 2 de setembro de 2009 (12) e non tivo ningunha baixa por IT no periodo comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2009.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relacion coa Disposicion Final Cuarto e definitiva unica da Lei 7/2007 de 12 de abril, o arti. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a productividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interés e iniciativa con que o funcionario/a de-

sempeñe o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondientes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.

Así mesmo, nas vixentes instrucións de plantilla no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia..por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.

Tendo en conta que o complemento de destino do posto 191 técnico de actividades culturais e educativas supón un importe mensual de 637,36 €, correspondería o aboamento en concepto de produtividade a funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy polo período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2009 a cantidade de 1.550,91€, polo que previo informe da Intervención Xeral propónse á Xunta de Goberno Local:

O recoñecemento á administrativa de admón.Xeral, D^a Marta Nuñez Aboy un complemento de produtividade por importe de 1.550,91 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento específico do posto 191 técnico de actividades culturais e educativas, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 25 de xaneiro de 2008, polo período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2009.

Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1441).- DAR CONTA DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA D^a LUZ MARÍA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 19387/220.

Dáse conta do Decreto do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 13.10.09, polo que se resolve o seguinte:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria municipal D^a. Luz Maria González Domínguez, con nº de persoal 13.853, técnica de actividades turísticas adscrita ao Servizo de Animación Sociocultural, as funcións propias de xefe/a do Servizo de Animación Sociocultural, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter estritamente provisional e

sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata a incorporación do funcionario titular do posto de Xefe do Servizo de Animación Sociocultural da súa situación de baixa por I.T., e en todo caso ata o 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(1442).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2009. EXPTE. 19366/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Desinfección	Setembro	De Pardellas Avion, A. Avelino a Pereiro Alonso, Manuel A.	192,48	173,44	365,92
I.M.D.	Setembro	De Rial Estevez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio	54,14	14,90	69,04
1ª Tenencia Alcaldía	Setembro	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel Antonio	188,47	89,43	277,90
Alcaldía	Agost/Setem	De Costas Fernández, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	1.054,63	257,45	1.312,08

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Setembro	Abalde Comesaña, Raquel	72,18	,00	72,18
Bombeiros	Setembro	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	23.185,82	17.428,01	40.613,83
Bombeiros (Xornada Verán)	Xuño a Setembro	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	16.813,93	0,00	16.813,93
Cemiterios	Setembro	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	2.006,02	0,00	2.006,02
Castrelos	Xullo a Setem	De Ogando López, José a Fdez. Fdez, Amantino	696,73	0,00	696,73
Limpeza	Setembro	De Lojo Pancorbo, José Manuel	208,52	509,48	718,00
Electromecánicos	Setembro	Arias Rodriguez Damaso	72,18	390,24	462,42
Parque Central	Agost/Setem	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	2.069,16	1.487,79	3.556,95
Montes, Parques e Xardíns	Setembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.227,06	731,70	1.958,76
Parque Móbil	Setembro	De Álvarez Bernardez Amador a Vulcano Ferreryra, J. Genaro	1.008,52	855,68	1.864,20
Vias y Obras	Agosto	De Alonso Correa, José Fernando a Rodríguez Rocha, Rodrigo	100,25	0,00	100,25
Policía Local	Setembro	Abalde Casanova, Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	24.521,40	23.725,18	48.246,58
Policía Local (xornada en exceso)	Setembro	De Agahwa Martínez, Celina a Vivero Mijares, Juan Guillermo	3.809,56	840,16	4.649,72
Policía Local (xulgados)	Setembro	De Abalde Casanova, Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	4.459,12	0,00	4.459,12
TOTAIS.....			81.740,17	46.503,47	128.243,63

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 128.243,63 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.

12(1443).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE REASIGNACIÓN DE D^a BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ AO SERVIZO DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 19386/220.
Dáse conta do Decreto do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 13.10.09, polo que se resolve o seguinte:

Primeiro.- Reasignar á funcionaria técnica de admón. Xeral Dª Beatriz Barbará Rodríguez, con nº de persoal 79.572, ao Servizo de Contratación (código de servizo 242), reasignación que en todo se efectuará conxuntamente co posto de traballo de igual denominación á praza ao cal actualmente se atopa adscrita no Servizo de Patrimonio, temporalmente e polos motivos expostos nos antecedentes, non afectando ao réxime retributivo da mesma.

Segundo.- A presente reasignación terá carácter provisional e transitorio durante o mantemento da situación de sobrecarga de traballo que concorre actualmente no Servizo de Contratación. En consecuencia e en todo caso, quedarán sen efecto por novo decreto en senso contrario.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado aos interesados/as, xefes/as das Áreas ou dos servizos correspondentes e Concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

13(1444).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS Á FUNCIONARIA Dª CAROLINA VICENTE RODRÍGUEZ. EXPTE. 19358/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.10.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Mediante resolución de data 1 de xullo de 2008, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, funcións de colaboración e apoio administrativo ao Técnico de Intervención D. Javier Muradas Blanco, á funcionaria municipal Dª Carolina Vicente Rodríguez, con nº de persoal 22.119, auxiliar de admón. xeral adscrita á Intervención Xeral.

A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura dos postos de persoal administrativo vacantes actualmente na Intervención Xeral ou ata a unha organización do traballo do servizo de xeito diferente ao actual, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de auxiliar de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Baséase dita encomenda na petición de data 22 de febreiro de 2008 do Técnico de Intervención, co conforme do Interventor Xeral, de que se lle encomenden provisionalmente a funcionaria Dª Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa de admón xeral, funcións de colaboración e apoio administrativo ao citado funcionario D. Javier Muradas Blanco, responsable da xestión do Capítulo I do orzamento, xa que éste, ata o mes de marzo de 2005, contaba co apoio administrativo de persoal

auxiliar. Asimesmo, ata o mes de setembro do 2007 -data na que foi trasladado a outro servizo- outro dos técnicos de xestión do Concello colaboraba na tramitación dos expedientes relacionados co Capítulo I.; igualmente, faise mención á necesidade de garanti-lo correcto funcionamento da Intervención Xeral, e dado que o breve prazo de tempo do que se dispón para a tramitación dos expedientes que afectan ao Capítulo I, debido a que requiren da participación de distintos servizos municipais antes da súa inclusión na nomina do persoal municipal.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2008, acordou (EXPTE. 18407/220) recoñecer a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e n^o de persoal 22119, un complemento de produtividade anual por importe de 2,800.00 € a devengar trimestralmente polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, previo informe acreditativo do servizo.

Recíbese na Unidade de Persoal en data 7 de outubro de 2009, informe do Técnico de Intervención co conforme do Interventor xeral de data 21 de abril de 2009, no que se informa que a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez desempeñou de xeito satisfactorio durante o período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2009 (3^o Trimestre) as funcións administrativas obxecto da encomenda, polo que procedería o aboamento da cantidade de 700€ correspondentes.

Tendo en conta o recollido no art. 25 da Ley 30/84, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo e deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

A Intervención xeral efectuou Reserva de crédito n^o 16668 en data 30 de marzo de 2009, por importe de 3500,00 €

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, tendo en conta o expresado no informe que precede para o eventual suposto de que a Xunta

de Goberno local optase por dar aprobación a asignación dun complemento de produtividade a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Recoñecer a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e n^o de persoal 22119, un complemento de produtividade correspondente ao 3^o trimestre do ano 2009 por importe de 700,00 € polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2008 e informe do técnico de Intervención de data 2 de xullo de 2009, con cargo ao Rc n^o 16668 de data 30 de marzo de 2009

Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1445).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL DE CONSERXERÍA CORRESPONDENTE AO PERÍODO XULLO-SETEMBRO 2009. EXPTE. 19347/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.10.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 7.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Ao persoal dependente do Servicio de Conserxería se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3^a, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009 (BOP, de 18 de marzo de 2009).

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para a percepción do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía, para dar cobertura a numerosos actos e recepcións programados na Casa do Concello, no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

Recíbese no Servizo de Persoal escritos asinados pola Xefa de Subalternos, D^a Teresa Vaqueiro Herbelo e o concelleiro delegado de xestión municipal nos que se informa do número de horas realizadas por D Jose Angel Fernandez Alonso nos meses de xullo e agosto de 2009, para o seu aboamento

, de conformidade co disposto na base m) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo.

Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, en concreto a citada instrucción no seu punto 3ª m), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria o persoal adscrito á Conserxería Municipal polas labores, a dispoñibilidade horaria das cales sexa requerida expresamente pola Alcaldía-Presidencia, para a recompensa-lo especial rendemento e dedicación esixible ó referido persoal, e que colabora cos departamentos de Cultura, Animación Sociocultural e Relacións Públicas dando cobertura e apoio ós actos e recepcións programados na Casa do Concello, celebrados dun xeito extraordinario fora da xornada ordinaria en sábados, domingos e festivos, establécese un complemento de produtividade, con devengo trimestral, en función das horas traballadas, supeditado en todo caso ó informe dos responsables dos referidos servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos e que fosen autorizados expresamente pola Alcaldía-Presidencia antes da súa realización, sendo a Xunta de Goberno Local a que establecerá a contía e regulación pormenorizada da asignación da produtividade.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado os abonos seguintes:

Jose Angel Fernandez Alonso: Hora festiva: 4,25 €

cantidades que se aboaran en funcion das horas en exceso realizadas, resultando os seguintes importes:

D Jose Angel Fernandez Alonso: 6 h (4 h mes xullo e 2 h mes xuño 2009) : 25.50 €

Vistos os feitos precedentes podese informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, polo que , previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL :

- O aboamento ao funcionario D Jose Angel Fernandez Alonso, adscrito a Conserxería Municipal, a cantidade de 25.50 €, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas no periodo comprendido entre os meses de xullo a setembro de 2009, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, con carga a partida 121.0.1500000.

Dese traslado da presente acordo aos interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1446).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A PERSOAL DE DIVERSOS SERVIZOS POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SEN SER OFICIAIS CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2009. EXPTE. 19369/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 14.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de

Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Sanidade, Parque Mobil, Cultura, Desinfección, Omic e Protección Civil aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 2.854'39 € correspondentes ó 3º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

16(1447).- DAR CONTA RESOLUCIÓN RELATIVA A REDUCIÓN DE XORNADA DE Dª PATRICIA OSUNA FERNÁNDEZ. EXPTE. 6274/77.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Munnicipal, do 22.09.08, que di o seguinte:

Autoriza-la redución de xornada de Dª Patricia Osuna Fernández, con DNI núm. 36.089.528-K, empregada contratada coa categoría de Administrativa no programa “Vigo Emprega”, que desempeña as súas funcións no Servizo de Promoción Económica e Emprego, en dúas horas ao final da xornada, durante o período comprendido entre o 21 de setembro de 2009 e o 14 de abril de 2010 (ámbolos dous incluídos), coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(1448).- ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVIZOS DE GRAN GALA, CON MOTIVO DO PREGÓN E DA PROCESIÓN DO CRISTO DA VICTORIA. EXPTE. 19354/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do Pregón e Procesión do Cristo, celebrados o 1 e 2 de agosto de 2009, aboarase ao persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comencan por don Manuel Conde Vázquez e rematan por don José Miguel Cortes Bautista, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascenden a un total de 1.536'86 €.

18(1449).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2009. EXPTE. 19355/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de SETEMBRO-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

19(1450).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADO DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19357/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 3º TRIMESTRE-2009, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don J. Manuel Villaverde Villaverde, e que ascenden a un total de 1.846'49 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-

20(1451).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL SETEMBRO 2009. EXPTE. 19351/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente e que ascende a un total de 54'30 euros, correspondente ao mes de Agosto de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

21(1452).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2009. EXPTE. 19352/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Setembro-09, e que ascenden a un total de 1.125'30 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

22(1453).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2009. EXPTE. 19353/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 8.10.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ao persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Higinio Durán Cabobianco, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de SETEMBRO -2009 e que ascenden a un total 609'20 € (SEISCENTOS NOVE EUROS CON VINTE CENTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE

23(1454).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE REDUCIÓN DE XORNADA DA FUNCIONARIA D^a ANGÉLICA RODRÍGUEZ BERTOMEU. EXPTE. 19293/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 21.09.08, que di o seguinte:

Autoriza-la redución de xornada de D^a Angelica Rodríguez Bartomeu, nº persoal 22036, Xefa de Negociado Administración de Tributos, adscrita a dito Servizo, en media hora ao inicio da xornada, durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2009 e xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2010, coa correspondente redución de retribucións,

de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(1455).- DAR CONTA RESOLUCIÓN AUTORIZANDO REDUCCIÓN DE XORNADA A D^a FÁTIMA LAMAS RODRIGUEZ. EXPTE. 19325/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 21.09.08, que di o seguinte:

Autoriza-la redución de xornada de D^a Fátima Lamas González, n^o persoal 80564, Subalterna adscrita ao Servizo de Conserxería, dunha hora e trinta minutos ao final da mesma a partir do día 9 do vindeiro mes de outubro, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(1456).- ASIGNACIÓN COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE, POR ENCOMENDA DE FUNCIONS, Á FUNCIONARIA D^a M^a DOLORES VIEITES ALÉN. EXPTE. 1050/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.10.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 4.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recíbese expte n^o 1050/500 no que a Directora de Ingresos , co conforme da Concelleira Delegada da area de Economía e Facenda , propon a aprobación dun complemento de produtividade a D^a M Dolores Vieites Alen polas funcións desenvolvidas en execucion da resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 28 de febreiro de 2008, pola que se encomendan a funcionaria “actuacions de inspeccion conxunta no Imposto de Bens inmobles en colaboración coa Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo de conformidade co disposto na seccion 5^o do Titulo III do Regulamento do Catastro Inmobiliario, Actuacions de Inspeccion no Imposto de Construccions, Instalacions e Obras, e outras actuacións inspectoras que determine a Concelleira de Economía e Facenda”, dentro das medidas extraordinarias necesarias para o cumprimento dos obxectivos do Plan de Control Tributario, aprobado pola Concelleira de Economía e Facenda en data 14 de febreiro de 2008.

No artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE n^o 89, 13 de abril de 2007): as administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen.

Tendo en conta o recollido no artigo 28 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2008, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interés e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondientes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.

A Directora de Ingresos propon como criterios obxectivos para o aboamento dun complemento de produtividade na cantidade de 650 € trimestrais, cantidade resultante do 26% do complemento de destino asinado aos postos de inspector de tributos ao considerar que as funcións desempeñadas suplen parcialmente un posto de inspector de tributos, o acadamento dun número de actas asinadas superior a 20 e un importe de debida tributaria liquidada superior aos 400,000.00 €.

Informase así mesmo do número de actas asinadas e importe de debida liquidada nos trimestres setembro-novembro 2008 e decembro 2008- febreiro 2009, superando en ambos períodos os obxectivos definidos.

Tendo en conta as competencias atribuídas a Xunta de Goberno Local polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, considérase que correspondelle a esta a aprobación dos parámetros propostos así como a asignación do complemento de produtividade proposto e que supón un total de 1300,00. €, POLO QUE SE PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Dar conformidade aos criterios obxectivos para o aboamento dun complemento de produtividade na cantidade de 650 € trimestrais o acadamento dun número de actas asinadas superior a 20 e un importe de debida tributaria liquidada superior aos 400,000.00 €.

Aboar a D^a M Dolores Vieites Alen, con nº de persoal 77222, adscrita a Dirección de Ingresos, un complemento de produtividade por importe de 1300.00 €, polo desempeño das tarefas encomendadas segundo resolución de data 28 de febreiro de 2008, no período setembro 2008 –febreiro 2009.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, deben expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1457).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE CONCESIÓN DE PERMISO A D. ISAAC CAMESELLE SUÁREZ. EXPTE. 19360/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 7.10.08, que di o seguinte:

Autorizar a D. Isaac Francisco Cameselle Suárez, axudante de oficios, con posto de vixiante de instalacións municipais, adscrito ao Servizo de Educación un permiso retribuído do 8 de outubro ao 6 de novembro de 2009, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado da súa muller.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

27(1458).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN SOBRE ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA D^a ROSA M. OTERO MALVAREZ. EXPTE. 19356/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 1.10.08, que di o seguinte:

Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D^a. Rosa M. Otero Malvarez con nº de persoal 80568, auxiliar de administración xeral do Concello, adscrita ao Servizo de Participación Cidadá, con carácter provisional, as funcións de administrativo de admon xeral na Área de Participación Cidadá, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

28(1459).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á HERMANDADE DE DOANTES DE SANGUE CONSTITUÍDO CON MOTIVO DO FESTEXO Ó DOANTE DE SANGUE. EXPTE. 76954/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.10.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 25 de agosto de 2009, por parte da Hermandade de Doantes de Sangue co NIF G-36609758, por un importe de **4.000 €**, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo do Festexo o Doante de Sangue, por non producirse danos.

29(1460).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁN OFEITOAMÁN CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA. EXPTE. 76955/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.10.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 01 de decembro de 2008, por parte de ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESAN OFEITOAMAN co NIF G-15128275, por un importe de 2.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración da Feira de Artesanía, por non producirse danos.

30(1461).- PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DAS RÚAS SEVILLA E VALENCIA. LOTE 1: RÚA SEVILLA. EXPTE. 60/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 20.10.09, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 17 de marzo, acordou entre outros adxudicar á UTE Eiriña, S.L.-ImesApi, S.A. a obra de "Humanización das rúas Sevilla e Valencia. Lote 1: Rúa Sevilla". A acta de replanteo formalizouse o pasado 27 de marzo, o prazo de execución das obras é de seis meses, concluíndo por tanto o pasado 27 de setembro.

Durante a execución das obras, producíronse varias circunstancias que afectan ao cumprimento do prazo previsto nas mesmas: Durante a execución das excavacións comprobouse a existencia de importantes estratos de roca, o que ocasionou a ralentización dos traballos de excavación dos fosos de colectores, así como a colocación de todas as tuberías de saneamento e pluviais das rúas Zamora e Sevilla. Por motivos e non dispoñer de rúas alternativas para desviar o tráfico que circula pola rúa Barcelona, procedeuse á execución dos traballos de dita rúa estando en funcionamento un carril en dirección Praza de América, o que obrigou a reducir os equipos de demolición de beirarrúa e calzada, coa conseguinte ralentización dos distintos traballos que se executan ata a total terminación da obra.

Así mesmo, esta situación obriga á execución das beirarrúas en dúas fases distintas, desviando o tráfico dun lado a outro da rúa, aumentando os tempos de terminación das distintas unidades de obra.

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

1º.- Ampliar o prazo de execución das obras de " Humanización das rúas Sevilla e Valencia. Lote 1: Rúa Sevilla ", en 1 mes, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 28 de outubro de 2009, non significando incremento no importe de adjudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1462).- PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DA RÚA URZÁIZ. LOTE 1: GRAN VÍA-ESCUPTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 64/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 20.10.09, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 17 de marzo, acordou entre outros adxudicar á "UTE Eiriña, S.L. - Imes Api, S.A." a obra de "Humanización da rúa Urzaiz. Lote 1: Gran Vía – Escultor Gregorio Fernández". A acta de replanteo formalizouse o pasado 30 de marzo, o prazo de execución das obras é de seis meses, concluíndo por tanto o pasado 30 de setembro.

Durante a execución das obras, producíronse varias circunstancias que afectan ao cumprimento do prazo previsto nas mesmas: Durante a execución das excavacións comprobouse a existencia de gran cantidade de servizos que cruzan a rúa e discorren ao longo da mesma (electricidade, comunicación, semáforos, saneamento, auga potable, teléfonos, gas, etc.).

A execución dos traballos de colocación da tubería de pluviais, así como todos dos demais servizos previstos no proxecto, viuse ralentizada por presentarse dificultades para poder sortear todos os servizos existentes.

Debido a esta alta concentración de servizos, os traballos tiveron que executarse de xeito manual, coa conseguinte diminución dos rendementos. Acordouse coa dirección de obra non realizar a colocación da tubería de saneamento, que suporía a excavación en profundidades de ata 5,5 m intervindo en todo o ancho da rúa inclusive nas beirarrúas , e optouse por reparar a tubería existente mediante o sistema de reforzamento con maga interior, o que permite ao sistema de rede de sumidoiro funcionar cunha vida útil igual, como se houbera colocado una tubería nova. Para a execución dos traballos de reforzamento, cómpre ter realizado a maioría dos traballos de pavimentación de beirarrúas, para evitar molestias aos veciños e viandantes da rúa, o que esixe por tanto un tempo adicional ao prazo inicial da obra.

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- *Ampliar o prazo de execución das obras de " Humanización da rúa Urzaiz. Lote 1: Gran Vía – Escultor Gregorio Fernández ", en 1 mes, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 30 de outubro de 2009, non significando incremento no importe de adxudicación da obra.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1463).- MODIFICADO CUSTE CERO DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ANDALUCÍA”. EXPTE. 153/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 21.10.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 24 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 72/440 do Proxecto de “Humanización da rúa Andalucía”, á empresa Oreco, S.A.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e propónse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- *Aprobar o proxecto modificado a “coste cero” do proxecto inicial de Humanización da rúa Andalucía.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1464).- MODIFICADO CUSTE CERO DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA BADAJOZ”. EXPTE. 154/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 21.10.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 24 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 70/440 do Proxecto de “Humanización da rúa Badajoz”, á empresa Oreco, S.A..

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e proponse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobación do proxecto modificado a “coste cero” do proxecto inicial de Humanización da rúa Badajoz.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1465).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA VILAGARCÍA DE AROUSA”. EXPTE. 1160/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 21.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN DA RÚA VILAGARCÍA DE AROUSA .

2º.- Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

35(1466).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN CALVARIO. RÚA CRISTO”. EXPTE. 57617/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.10.09, conformada polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Union Temporal de Empresas Obras Reformas y Saneamientos S.L.- Hidroestructuras S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do Exped 57617-250 Humanización Calvario. Rúa Cristo coas seguintes características:

- Prezo total de 690.336 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incremento da aportación ó control de calidade do 3%.
- Aporta 7 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 7 procederán da situación legal de desemprego.
- Aporta como melloras as seguintes:
 - * Bancos Trapecio. Modelo Alerce: 8 unidades cun prezo unitario de 5.147 Euros,
 - * Xardineiras Modelo Plaza: Ofertan 20 uds x 2.900,51 Euro/ud.
 - * Papeleira Modelo Maya: 12 unidades.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25.02.2009 e a oferta presentada.

36(1467).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA FASE II”. EXPTE. 57620/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.10.09, conformada polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do Exped. 57620-250, Humanización Sanjurjo Badía Fase II coas seguintes características:

- Prezo total de 724.064 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incremento da aportación ó control de calidade do 2%.
- Aporta 8 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 8 procederán da situación legal de desemprego.
- Aporta como melloras as seguintes:
 - Pilona Modelo Avenida de FDB: 142 unidades.
 - Papeleira: Oferta Modelo Morella Bin de Escofet 22 uds.
 - Bancos Modelo Barcino: 22 unidades.
 - Recercado de alcorque de aceiro inoxidable: 39 unidades.
 - Granito vermello altamira para ramplas de peóns: Ofertan 35,4 m2.
 - Bandas 60 cm de ancho en granito vermello altamira de 6cm de espesor: Ofertan 158 ml.
 - Bandas 40 cm de ancho en granito vermello altamira de 6 cm de espesor: Ofertan 495 ml.
 - Bordo para alcorque en granito grissal 150 m.
 - Tapas de fundición recheables: 54 unidades.
 - Canalización de 110 mm de diametro de dobre capa: 1.125 m.
 - Revestimento con mortero de alta resistencia en pozos: 31 unidades .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

37(1468).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE URXENCIA DOS EXPEDIENTES DE BEIRARRÚAS NO RURAL 2009. 155/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Unidde Administrativa da Área de Servizos Xerais, do 22.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar a urxencia na tramitación, según o artigo 96 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, dos expedientes que se relacionan a continuación:

- Procedemento negociado con publicidade para actuación na rúa Castaña-Alcabre (expte 59662/250)
- Procedemento negociado con publicidade para actuación no Camiño Cruz e rúa do Carballal (expte 59663/250)

- Procedemento negociado con publicidade para actuación na Avda Santa Mariña 3ª fase. Acondicionamento do entorno da Igrexa de Cabral (expte 59664/250)
- Procedemento negociado con publicidade para actuación na rúa Maestro Alfredo González (expte 59665/250)
- Procedemento negociado con publicidade para actuación na rúa San Cristobo-Candeán (expte 59666/250)
- Procedemento negociado con publicidade para actuación na rúa Subida á Madroa-Candeán (expte 59667/250)
- Procedemento negociado con publicidade para pavimentación e acondicionamento da rúa Costa-Castrelos (expte 59668/250)
- Procedemento negociado con publicidade para dotación de beirarrúas e servizos na rúa Espedrigada (expte 59669/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas na rúa Cañiza-Comesaña (expte 59670/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas no Camiño Sanín-Casás-Comesaña (expte 59671/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas na rúa Muiños-Comesaña (expte 59672/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas na Carretera de Fragoselo-Coruxo (expte 59673/250)
- Procedemento negociado con publicidade para ampliación de calzada e recollida de pluviais na rúa Baixada á Igrexa e Camiño Freixeiro (expte 59674/250)
- Procedemento negociado con publicidade para actuación na rúa Curros, entre Santa Cristina e Travesía Curros (expte 59676/250)
- Procedemento negociado con publicidade para actuación na rúa Curros e Baixada Capitán (expte 59677/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción beirarrúas en rúa Manuel de Cominges (expte 59679/250)
- Procedemento negociado con publicidade para remodelación alameda Emilio Crespo Cano, Avda San Pelaio-Navia (expte 59680/250)
- Procedemento negociado con publicidade para actuación na rúa Cesáreo Vázquez (expte 59681/250)
- Procedemento negociado con publicidade para pavimentación e acondicionamento da rúa Casal de Arriba (expte 59682/250)
- Procedemento negociado con publicidade para pavimentación e acondicionamento da rúa Casal de Abaixo (expte 59683/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas na Baixada a Laxe-Sárdoma (expte 59684/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas e servizos na rúa Xílgaro (expte 59685/250)
- Procedemento negociado con publicidade para pavimentación e acondicionamento da Carretera Igrexa-Valadares (expte 59686/250)
- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas e servizos na rúa Marcosende (expte 59687/250)

- Procedemento negociado con publicidade para construción de beirarrúas e servizos na rúa Carreiteira da Igrexa Zamáns (expte 59688/250)

38(1469).- INICIO DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADXUDICADO PARA A CONSTRUCIÓN DAS OBRAS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NAVIA. EXPTE. 8925/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do director Deportivo e Coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 22.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 18 de marzo de 2009, acordou a adxudicación definitiva das obras de construción do Pavillón polideportivo de Navia a favor de la empresa “Tecnología de la construcción S.A., por un importe de 4.218.792,23 €.

Esta obra atopase enmarcada dentro de Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL), o cal establece unha serie de esixencias en relación os prazos de execución, así como en relación as contratacións de traballadores ou traballadoras.

Durante a execución da obra producíronse unha serie de demora inxustificadas nos prazos previstos no plan de actuación presentado por TECONSA á dirección facultativa. Por outro lado tamén producíronse incumprimentos en relación as obrigas laborais da obra.

Por parte de TECONSA, manifestase que una serie de problemas internos relacionados coa financiación da mesma, dificultan o proceso de execución da obra nos termos ficados na adxudicación, polo cal solicita ao Concello de Vigo a autorización para a cesión da obra, según escrito de 25 de setembro:

“que en base al interés general, así como al de la propia empresa contratista al objeto de no incumplir el contrato administrativo de obras de referencia con la consecuente pérdida de las garantías depositadas, así como la imposición de sanciones y para facilitar y asegurar la continuidad de la obra, TECONSA, tiene interés en proceder a la cesión de la obra mencionada a favor de la Unión Temporal de Empresas que se constituya por las mercantiles MOVEXVIAL S.L. con cif B-36684157 y HIDROMIÑO, S.L. con cif: B-36440196, cediendo la totalidad de derechos y obligaciones del contrato de referencia a favor de dicha UTE, al objeto de que la misma pueda finalizar las obras de referencia”.

En contestación a esta petición, o Concello de Vigo en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de 1 de outubro de 2009, acordou “Autorizar a cesión a favor da UTE formada por MOVEXVIAL S.L. con cif B-36684157 e HIDROMIÑO, S.L. con cif: B-36440196, do contrato para a execución dun polideportivo en NAVIA, axudicado a empresa TECONSA.

Con data 13 de outubro, TECONSA, recibe notificación do anterior acordo do Concello de Vigo, e na notificación establece un prazo máximo de 5 días, para a sinatura da correspondente escritura pública que recolla a cesión da obra, co obxecto de proceder a reanudación dos traballos de construción de dita obra.

Con data 13 de outubro, publícase no BOE (nº 247. Sec IV, Pax 123298) a resolución do Xuzgado do Mercantil número 3 de Madrid, polo que se anuncia:

“Que no procedemento número 466/2009, por auto de 29/09/09 se ha declarado en concurso necesario ordinario al deudor Tecnología de la Construcción, Sociedad Anónimo e o centro de principais intereses o ten na rúa Serrano nº 45.”

A Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público, contempla no seu artigo 206, b) a declaración de concurso, como causa de resolución dos contratos, así mesmo o artigo 207.2 establece que a apertura da fase de liquidación, dará sempre lugar a resolución do contrato.

2.- Proposta:

En base a todo o exposto, e ante a falta de resposta por parte de TECONSA, en relación a cesión do contrato da obra autorizada por este Concello, así como a actual paralización efectiva das obras, coa finalidade de iniciar o correspondente expediente de contratación que posibilite o remate das obras dentro dos prazos establecidos, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Autorizar o inicio do expediente de resolución do contrato adxudicado en sesión de data 18 de marzo de 2009, a favor de la empresa “Tecnología de la Construcción S.A., por un importe de 4.218.792,23 €, para a construción das obras do Pavillón polideportivo de Navia.

Segundo: Comunicar a empresa Tecnología de la construcción S.A., e os demais interesados, o inicio do presente expediente para que no prazo de 10 días presente as alegacións oportunas, así como proceder dentro do mesmo prazo a citación da empresa o acto de comprobación, medición e liquidación das obras realizadas con relación o proxecto, determinando os saldos pertinentes a favor o en contra do adxudicatario.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(1470).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA FOMENTAR E COAXUVAR AO MANTEMENTO DE EMPREGO NO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO DE VIGO E A FORMACIÓN DOS SEUS TRABALLADORES/AS, NUNHA SITUACIÓN DE CRISE ECONÓMICA E DE ESPECIAL AFECCIÓN NAS VENTAS E CONSUMO OCASIONADA CON MOTIVO DAS OBRAS NA CIDADE. EXPTE. 2967/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 14.10.09, o informe de fiscalización do 21.10.09, e de acordo do informe-proposta da xefa do Servizo de Comercio e Turismo, do 1.10.09, conformado polo tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria específica para fomentar e coadxuvar ao mantemento de emprego no pequeno e mediano comercio de Vigo e a formación dos seus traballadores/as, nunha situación de crise económica e de especial afección nas vendas e consumo ocasionada con motivo das obras na cidade, tendo en conta que a devandita subvención ten carácter plurianual.

2º.- Autorizar ó fin pretendido o gasto total de 600.000 euros con cargo á partida orzamentaria 6220.4700000 “subvencións o pequeno comercio” e o gasto de 600.000 euros correspondente ó orzamento para o ano 2010, subordinado este á existencia de crédito axeitado e suficiente nos referidos orzamentos do ano 2010.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA FOMENTAR E COADXUVAR AO MANTEMENTO DE EMPREGO NO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO DE VIGO E A FORMACIÓN DOS SEUS TRABALLADORES/AS, NUNHA SITUACIÓN DE CRISE ECONÓMICA E DE ESPECIAL AFECCIÓN NAS VENTAS E CONSUMO OCASIONADA CON MOTIVO DAS OBRAS NA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dadas as circunstancias actuais da economía, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo, consciente da importancia que para o desenvolvemento económico e o emprego teñen o pequeno e mediano comercio da cidade, pon en marcha unha convocatoria específica para “fomentar e coadxuvar ao mantemento de emprego no pequeno e mediano comercio de Vigo e a formación dos seus traballadores/as, nunha situación de crise económica e de especial afección nas vendas e consumo ocasionada con motivo das obras na cidade”.

Esta convocatoria supón unha decidida aposta en favor do pequeno e mediano comercio, ademais de poder axudar á formación dos empregados, e de compensar os danos que se puideron ocasionar con motivo das obras na cidade.

A crise non afecta a todos por igual. O pequeno e mediano comercio de Vigo atópase nunha situación preocupante, debido entre outros a diminución do gasto das familias, a falta de ingresos e o parón do consumo. Facendo ademais que xa comece a baixar o número de empregados contratados nestes comercios.

A devandita convocatoria tratase dun proxecto innovador co obxectivo de dinamización social e económica que pretende axudar ao pequeno e mediano comercio de Vigo que teñen visto reducidos os seus ingresos de forma radical debido á actual crise económica, así como pola diminución das vendas producidas polas numerosos obras que se levan executando na cidade de Vigo o longo do ano 2009 cunha incidencia moi importante na circulación viaria.

Por todo isto a Concellería de Comercio realiza unha convocatoria específica ao obxecto de incentivar o mantemento de emprego no pequeno e mediano comercio de Vigo, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Situación determinada que é obxecto da subvención

É obxecto das presentes bases e convocatoria fomentar e coadxuvar ao mantemento de emprego no pequeno e mediano comercio de Vigo e a formación dos seus traballadores/as, nunha situación de crise económica e de especial afección nas vendas e consumo ocasionada con motivo das obras na cidade.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

SEGUNDA.- Contía total, individual e crédito orzamentario

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 1.200.000 €, os cales serán financiados cos seguintes criterios:

*ANO 2009: partida orzamentaria 6220.4700000 “Subvención o pequeno comercio”
→ 600.000 euros*

ANO 2010: partida orzamentaria 6220.4700000 “Subvención o pequeno comercio” → 600.000 euros

Criterios de aplicación dos créditos desta convocatoria:

ANO 2009: ata un máximo de 2.800 euros por beneficiario durante o ano 2009.

ANO 2010: ata un máximo de 2.800 euros por beneficiario durante o ano 2010.

TERCEIRA.- Compatibilidade da subvención

As axudas municipais para fomentar e coadxuvar ao mantemento de emprego no pequeno e mediano comercio de Vigo e a formación dos seus traballadores/as, nunha situación de crise económica e de especial afección nas vendas e consumo ocasionada con motivo das obras na cidade, son compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados.

O/a beneficiario/a deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a situación subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

CUARTA.- Requisitos dos beneficiarios

Serán requisitos necesarios do pequeno e mediano comercio para solicitar as axudas:

1.- Os solicitantes das axudas deberán ser establecementos comerciais debidamente constituídos que desenvolvan a súa actividade comercial no Concello de Vigo, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique en dito Concello.

2.- Que o establecemento teña actividade comercial no momento de solicitar a subvención.

3.- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos estipulados.

4.- Que, tendo a condición de PEME conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124, do 20 de maio, p.36), empreguen menos de dez (10) traballadores e non teñan a consideración de grandes establecementos comerciais segundo a normativa aplicable.

5.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incurso en prohibicións para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

6.- Os solicitantes deberán estra ó corrente das súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Vigo para o cal se lles esixirá unha declaración de cumprimento de obrigas tributaria, segundo o Art. 24.4 do RD 887/2006 do 21 de xullo.

QUINTA.- Obrigas dos beneficiarios

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións as previstas nestas bases e convocatoria e as sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria realizarase en dúas fases:

1ª fase da convocatoria: para os beneficiarios de ata 2.800 euros no ano 2009. Vinte (20) días naturais a contar dende o día seguinte a publicación destas bases no BOP.

2ª fase da convocatoria: para os beneficiarios de ata 2.800 euros no ano 2010. Do 18 de xaneiro ó 6 de febreiro, ambos inclusive.

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

SÉTIMA.- Criterios de valoración

1ª fase da convocatoria: se referirá o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de agosto de 2009.

2ª fase da convocatoria: se referirá o período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2009.

Tendo en conta que a presente convocatoria ten por obxecto fomentar e coadxuvar ao mantemento de emprego no pequeno e mediano comercio de Vigo e a formación dos seus traballadores/as, nunha situación de crise económica e de especial afección nas vendas e consumo ocasionada con motivo das obras na cidade, establécense os seguintes criterios de valoración:

a) Mantemento do emprego: ata un máximo de 40 puntos.

Para a valoración deste criterio se terá en conta o número de traballadores/as que ten cada establecemento, tendo en conta que o tipo de contrato terá que ser fixo ou fixo discontinuo, así como a contratación de traballadores/as con algunha discapacidade.

b) Incidencia na diminución das vendas no sector comercial da cidade de Vigo con motivo da execución das obras, ata un máximo de 40 puntos.

Este criterio pretende avaliar a incidencia dos procesos de execución das obras no desenvolvemento da actividade comercial en función das rúas afectadas de forma directa polas obras e de forma indirecta, o tempo de duración das obras e os accesos restrinxidos nas rúas afectadas, para o cal se terá en conta a superficie do establecemento comercial.

c) Procesos de formación do emprego, ata un máximo de 20 puntos.

Este criterio pretende avaliar os procesos de formación dos traballadores e traballadoras en aspectos específicos vinculados directamente coa actividade comercial do establecemento, para o cal terase en conta a asistencia a cursos de formación dos traballadores/as de cada establecemento a cursos de formación maiores de 20 horas, así como a organización de actividades de formación por parte dos establecementos comerciais de maneira individual ou conxunta.

Atendendo a especificidade dos apartados anteriores e a variedade e casuística do sector comercial, a comisión avaliadora establecerá de maneira previa ao reparto os criterios de ponderación para a súa aplicación en cada un dos apartados anteriores. A cantidade máxima da subvención por entidade estableceuse en 2.800,00 €. A cantidade a percibir por cada beneficiario será proporcional á puntuación obtida.

OITAVA.- Procedemento de concesión das subvencións

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- Documentación

Documentación:

Relación da documentación que se aporta, que será a que se detalla de seguido:

- Fotocopia do DNI do representante da PYME.

- *Fotocopia da acta de elección do solicitante como representante legal ou do outorgamento de poderes ante notario.*
- *Fotocopia do CIF da entidade solicitante.*
- *Certificación bancaria do establecemento comercial.*
- *Copia da licenza de apertura do establecemento.*
- *Copia dos TC2 dos traballadores do establecemento correspondentes os meses do período polo que se solicita a subvención, 1ª ou 2ª fase da convocatoria.*
- *Copia compulsada do título do curso onde se faga constar a denominación do mesmo, ás horas e a entidade que o emite.*
- *Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo I).*
- *Certificacións do cumprimento das obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Vigo, segundo o Art. 24.4 do RD 887/2006 do 21 de xullo.*
- *Declaración responsable, firmada polo representante legal onde se especifiquen outros fondos recibidos ou solicitados para o mesmo proxecto presentado. (anexo I)*
- *Declaración responsable na que se indique o número de traballadores/mes para a fase na que foi solicitada a subvención. (anexo II)*
- *Declaración responsable na que se indique o número de metros cadrados de atención ó público do establecemento así como a súa localización exacta no inmovible onde está ubicado (planta baixa, 1º andar, subsolo, etc.) (anexo III)*

DÉCIMA.- Subsanación da solicitude

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle a Concellería de Comercio, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no art. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser dita nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

DÉCIMA PRIMEIRA.- Publicidade

Publicidade das bases reguladoras e convocatoria específica da concesión das axudas.

A publicación das presentes bases reguladoras e convocatoria específica realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina de internet www.vigo.org, anunciarase, igualmente, no Boletín

Oficial da Provincia, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterado por medio de anuncios nos medios de comunicación.

Publicidade das subvencións concedidas-denegadas.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, con expresión do establecemento comercial, expediente, finalidade da subvención e a resolución recaída (concedida-denegada).

DÉCIMA SEGUNDA.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento e prazo para a notificación da resolución

A Concellería de Comercio será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. Recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no art. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informárselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base sétima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración quedará integrada polo Concelleiro de Comercio, que actuará de presidente, a Xefa do Servizo de Comercio, a Xefa do Gabinete de Tenencia de Alcaldía, o Vocal do Tribunal Económico-Administrativo. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, PYME, puntuación, expediente e resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

1.- Concedidas. - Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.

2.- Denegadas. - Farase constar algúns dos seguintes motivos :

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non aportan a documentación requirida.
- Incumprir algún dos criterios da base oitava.
- En función da existencia dun número moi elevado de solicitudes, aquelas que de maneira proporcional teñan unha menor puntuación co fin de obter unha aplicación operativa do obxecto desta convocatoria. Na segunda fase, este criterio poderá ser ampliado pola Comisión de Valoración, en primeira opción, a aquelas solicitudes de establecementos comerciais beneficiarios

da primeira fase. Este apartado deberá ser xustificado pola comisión avaliadora.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do/a instrutor/a do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo os créditos especificados na cláusula terceira para os anos 2009 e 2010.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

DÉCIMA TERCEIRA.- Xustificación, comprobación e pagamento da subvención

Xustificación.-

Tendo en consideración que a subvención concédese en atención a unha “determinada situación” non se requirirá outra xustificación que a acreditación da referida situación, que xa foi acreditada ante a Comisión de Valoración para propoñer a concesión da subvención.

Comprobación.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada pola Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración emitirá un informe facendo constar a comprobación da situación determinada que motiva a subvención. A estes efectos a Comisión poderá requirir dos beneficiarios calquera outra documentación complementaria que non conste no expediente.

Pagamento.-

As axudas concédense ás PYMES. Contra a entrega do importe da axuda, o beneficiario firmará a recepción e aportará fotocopia do DNI por ámbalas dúas caras, ou documento de identidade suficiente.

Para a execución dos pagos tramitarase ante a Xunta de Goberno Local, paralelamente a aprobación das contías e beneficiarios, o pago a través dunha conta habilitada segundo os procedementos establecidos no Concello.

No momento de efectuar o pagamento da subvención os beneficiarios deberán achegar:

- O/a beneficiario/a deberá aportar para a xustificación da subvención a declaración de cumprimento de obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Vigo, segundo o Art. 24.4 do RD 887/2006 do 21 de xullo (anexo IV).
- Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (anexo I).

DÉCIMA CUARTA.- Obriga de información

Os/as beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Comercio e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMA QUINTA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sancións.

Perdida do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMA SEXTA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos dos/das solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Comercio do Concello de Vigo.

O/a beneficiario/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Comercio do Concello de Vigo.

DÉCIMA SÉTIMA.- Normativa de aplicación

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

40(1471).- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO PARA A ORGANIZACIÓN DO “XIV TORNEO INTNA. CIDADE DE VIGO DE JUDO 2009”. EXPTE. 8842/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 9.10.09, o informe de fiscalización, do 20.10.09, e de acordo co informe-proposta do director do IMD, do 21.09.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de Judo, en relación á subvención pola organización do XIV Torneo Intnal. Cidade de Vigo de Judo, e que se achega con este expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 7.800,00 € a favor da entidade Federación Galega de Judo, CIF: G-15109267, e con enderezo social na Av. Glasgow (Pol. Elviña), A Coruña 15008. O pagamento realizarase na conta 2100.4831.98.2200008802 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

3º.- Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (3.900,00€) do importe total proposto, será abonado á Federación Galega de Judo, á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Federación Galega de Judo CIF:G-15109267, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación oitava do presente convenio.

4º.- Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

Convenio entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Judo para a organización do "XIV Torneo Cidade de Vigo de Judo 2009"

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra parte, Don Mario Muzas Cobo como presidente da Federación Galega de Judo, CIF nº G-15109267 e enderezo social en Avda. De Glasgow (Pol. Elviña) A coruña, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8842-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o "Torneo Internacional Cidade de Vigo de Judo" é un clásico no calendario deportivo da cidade de Vigo, coa participación de competidores da élite nacional e Internacional, sendo cada tempada un dos referentes da especialidade para os afeccionados e os visitantes da nosa cidade.

O Torneo Internacional Cidade de Vigo, nas súas anteriores edicións, obtivo unha importante expectativa deportiva na cidade, outorgándolle o carácter de escaparate da cidade, e permitindo que na actualidade esté considerado como un dos máis importantes das súas características a nivel nacional.

Asemade a Federación Galega de Judo é a única entidade destas características con capacidade para a organización do devandito evento, a única que dispón dos medios e das autorizacións Federativas para a organización, polo que a subvención se establece mediante un convenio, non existindo

concorrenca ó tratarse dunha única entidade que poda facer esta función. A Federación Galega de Judo ten experiencia para o fomento deste tipo de Torneos, sendo a entidade que colaborou co desenvolvemento do Torneo nos últimos anos debido á súa contratada capacidade organizativa.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

Promocionar a cidade de Vigo no ámbito deportivo e turístico como sede de grandes espectáculos deportivos capaces de atraer a atención nacional e Internacional durante o desenvolvemento da competición.

Colaborar co ámbito de desenvolvemento do deporte como referencia para os deportistas da cidade. Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.

Promocionar o deporte-espectáculo na cidade de Vigo como alternativa de ocio.

Consolidar á cidade de Vigo como unha das referencias a nivel Internacional no ámbito deportivo.

Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento do deporte espectáculo e de competición no ámbito da cidade de Vigo.

Consolidar o nivel da imaxe deportiva da cidade de Vigo.

III.- Que a entidade Federación Galega de Judo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8842-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo, social e turístico que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Galega de Judo, o Concello de Vigo e a dita entidade Federación Galega de Judo convenen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Federación Galega de Judo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo en canto á organización do Torneo Internacional Cidade de Vigo de Judo e, concretamente, a:

1º- Organizar o "Torneo Internacional Cidade de Vigo de Judo 2009" que se vai celebrar en Vigo conforme ao proxecto xeral presentado.

2º- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.

3º- Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ó recinto, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.

4º- Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.

5º- A organización porá a disposición da Concellería de deportes invitacións para promover o evento.

6º- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

7º- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Federación Galega de Judo na realización dos trámites necesarios ante o Concello de Vigo para a realización do evento deportivo "Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009" que se vai celebrar en Vigo o 31 de outubro de 2009.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Federación Galega de Judo, (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á Federación Galega de Judo unha subvención por importe de 7.800,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado para a celebración da do Torneo Internacional Cidade de Vigo de Judo 2009, con cargo a partida do orzamento vixente 4521.489.00.01, por importe de 7.800,00 €.

4º.- Para o pago do importe da subvención se procederá a un pago anticipado de acordo coas seguintes condicións:

O 50% (3.900,00€) do importe total proposto, será abonado á Federación Galega de Judo, á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Federación Galega de Judo CIF: G-15109267, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación oitava do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, en calqueira actividade ou evento relacionado co Torneo, na cartelería e demais material gráfico elaborado aos efectos, según os criterios da Concellería de Deportes.

Sétimo.- A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización do "Torneo Internaiconal Cidade de Vigo de Judo 2009".

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa conformada na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención; os xustificantes de pago dos gastos incorridos por importe da subvención con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos por importe da subvención.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 45 días anteriores á celebración do evento e o 15 días posteriores á celebración do mesmo.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aque-

las circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo. A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

41(1472).- ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE DENDE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8799/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 28.09.09, o informe de fiscalización, do 7.10.09, e de acordo co informe-proposta do director do IMD, do 21.09.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 72.000,00 €. a favor da entidade: Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo. c/c 2080 0065 34 0040027966 con cargo á partida 4521.489.00.02 do vixente orzamento e dacordo cos condicionates establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado póla Fundación VIDE para o ano 2009.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2009.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2009, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que a entidade VIDE non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, se-

gundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8799/333.

f) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a Fundación VIDE, dentro do prazo máximo de tres meses dende a notificación da resolución, deberá de adxuntar coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doacións realizadas póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

42(1473).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O MANTEMENTO E FOMENTO DE

ACTIVIDADES DE MAIORES E DE BENESTAR SOCIAL NO ANO 2009. EXPTE. 40012/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.10.09, e de acordo co informe-proposta da instructora do expediente, do 13.10.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 3130.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de CIENTO DEZAOITO MIL TRESCENTOS VINTECINCO EUROS (118.325€) en concepto de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o mantemento e fomento de actividades de maiores e de benestar social no ano 2009, segundo o seguinte desglose:

- ◆ Programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2009, dentro do Programa de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o mantemento e fomento de actividades de maiores e de benestar social no ano 2009, por un importe total de SES-ENTA E CINCO MIL TRESCENTOS VINTECINCO EUROS (65.325€):

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	Cantidade solicitada		Importe concedido
AFIBROPO	G36846822	Terapias termales	3.600€	4,25	2.125€
A.I.D.A	G36818649	Promoción y difusión cultura africana, formación emigrante	5.000€	3,50	1.750€
ALF. CASTELAO XUBILADOS	G36755254	Actividades culturais	2.800€	3,05	1.525€
A.P.A.M.P.	G36624120	Ocio e tempo libre	2.000€	4	2.000€
A.S.E.M. GALICIA	G36925691	Fisio rehabilitación	5.000€	5,45	2.725€
AS.GA.MA.	G36777670	Viaxe a mariña lucense	7.400€	3,05	1.525€
AS. ROSALIA CASTRO "A SALGUEIRA"	G36750479	Coñecer Galicia e España	3.500€	3,05	1.525€
ASVIDAL	G36627453	Capacitación e inserción sociolaboral	5.000€	2,70	1.350€

AULAS 3º IDADE	G15496607	Actívate nas aulas	3.500€	3,10	1.550€
A.V.E.M.PO	G36816106	Reforzo da autoestima	1.100€	2,15	1.075€
AVOA	G36972800	Homenaxe maiores e viaxes	5.000€	3,25	1.625€
CCANVIHAR	G36306504	Apoio integral persoas VIH, SIDA, familiares e entorno...	5.000€	4,85	2.425€
CENTRO CULTURAL, RECREATIVO VALADARES	G36317082	Un banco con tempo para a 3ª idade	1.000€	2	1.000€
COFRADÍA CRISTO AFLIXIDOS	G36690170	Xuntanza homenaxe os nosos maiores	2.260€	2,40	1.200€
COGAMI	G36704195	Taller da habilidades na vida diaria para discapacitados	3.640€	4,80	2.400€
DOWN VIGO	G36697324	Habilidades básicas e polivalentes para o emprego	2.500€	3,35	1.675€
EDUARDO CHAO FED. VEC.	G36681708	Dinamización de maiores	5.000€	4,05	2.025€
FUNDACIÓN IGUALARTE	G36427524	Programa artístico discapacitados	2.000€	3,35	1.675€
FUNDACIÓN MENELA	G36685964	Campamento urbán 2009 para persoas autistas	3.950€	4,35	2.175€
GLAUCOMA ASOC. GALLEGA PREVENCIÓN	G36959971	Actos día municipal do glaucoma	4.000€	3,80	1.900€
HEMOFILIA	G15220577	Servizo da atención e información permanente e accións complem.	2.500€	3	1.500€
HERMANITAS ANCIANOS DESAMPARADOS	R3600099J	Taller de estimulación cognitiva	5.000€	3	1.500€
HERMANOS MISIONEROS ENFERMOS POBRES	R3600319B	“Que facemos hoxe”	5.000€	2,90	1.450€
HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	R3600336F	Adquisición de hábitos físico-psíquicos saudables	4.000€	2,90	1.450€
LEDICIA	G36852523	Vida san na 3ª idade	10.900€	3,05	1.525€

MEDIACIÓN SOCIAL DE GALICIA	DEG70104815	Reinserción sociolaboral do pobo xitano de Vigo	6.000€	5,15	2.575€
MULTICULTURAL MUJERES	DEG27707405	Talleres de orientación e apoio a familias en contextos migratorios	6.900€	2,35	1.175€
MUSIQUINA 33 ASOC. XUVENIL CULTURAL	MG36946432	Curso de cultura urbana e integración social	2.000€	3,40	1.700€
NEVOX-VALADARES	G36806222	Apraza a chegada da 3ª idade	3.000€	3,05	1.525€
NOVAS RUTAS	G36854865	Proxecto socio-educativo "Aledar"	5.165€	2,75	1.375€
PARKINSON	G36962447	Rehabilitación linguaxe e fala	14.750€	3,65	1.825€
PROXECTO HOME	G15258213	Programa Educativo Terapéutico "Acougo"	10.000€	2,85	1.425€
QUIÑONES DE LEÓN	G36760064	Excursións e festas populares	33.975€	3,05	1.525€
SALVORA, FUNDACION TUTELAR DISCAP. INTELEC.	G36733046	Natureza e vacacións 2009	3.000€	3,25	1.625€
SAN FRANCISCO	G36613891	Fomento convivencia discapac. Intelect. y sociedade	1.500€	2,80	1.400€
SODINÁUTICA	G36796142	Integración e normalización náutica	2.000€	2,05	1.025€
VILLA GALICIA	G36745065	Confraternidade e viaxes	5.000€	3,05	1.525€
VIUDAS DEMÓCRATAS	G36964757	Encuentro cultural mujeres viudas	1.591€	2,05	1.025€
XARUMA, ESCOLA TEMPO LIBRE	G36817385	"Naturalmente"	5.000€	3,45	1.725€
XOGADORES ANÓNIMOS	G36730059	Asistencia psicolóxica profesional a afectados e familias	3.000€	2,40	1.200€
			TOTAL....		65.325€

- Mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais, dentro do Programa de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para o fomento de actividades de maiores e de benestar social para o ano 2009, por un importe total de CINCOENTA E TRES MIL EUROS (53.000€):

ASOCIACION	CIF	CONCEPTO	Cantidad solicitada	Ptos	Importe concedido
AFAGA	G36776920	Gastos mantemento	5.000€	3,50	1.750€
A.I.D.A	G36818649	Gastos mantemento	5.000€	4,50	2.250€
ALENT0	G36873511	Gastos mantemento	5.000€	5,50	2.750€
A.P.A.M.P.	G36624120	Gastos mantemento	3.000€	6	3.000€
ARVI	G36730521	Gastos mantemento	1.300€	2,50	1.250€
AS. PERSOAS XORDAS	G36622835	Gastos mantemento	7.819€	2,50	1.250€
ASPANAEX	G36605905	Gastos mantemento	5.000€	6	3.000€
ASVIDAL	G36627453	Gastos mantemento	2.500€	7	3.500€
AUTISMO	G36849883	Gastos mantemento	5.000€	3	1.500€
AVIDEPO	G36821171	Gastos mantemento	1.500€	2,50	1.250€
BULIMIA	G36835403	Gastos mantemento	5.000€	3	1.500€
CCANVIHAR	G36306504	Gastos mantemento	5.000€	4,50	2.250€
COGAMI	G36704195	Gastos mantemento	2.500€	5	2.500€
DIABETICOS	G36822286	Gastos mantemento	6.618€	4	2.000€
DOWN VIGO	G36697324	Gastos mantemento	2.500€	2,50	1.250€
FASE DE ENCUENTRO	G15438955	Gastos mantemento	5.000€	5	2.500€
FUNDACIÓN IGUALARTE	G36427524	Gastos mantemento	2.000€	3,50	1.750€
FUNDACIÓN INTEGRÁ	G36880615	Gastos mantemento	5.000€	4,50	2.250€
FUNDACIÓN QUINESIA	G36814309	Gastos mantemento	2.000€	3,50	1.750€
GALICIA ACOLLE	G15885981	Gastos mantemento	2.000€	2,50	1.250€
HEMOFILIA	G15220577	Gastos mantemento	2.500€	3	1.500€
MULTICULTURAL MUJERES	G27707405	Gastos mantemento	6.230€	2	1.000€
NEVOX	G36806222	Gastos mantemento	2.000€	2	1.000€
NIGERIA UNIÓN	G36948057	Gastos mantemento	5.000	2	1.000€
PROXECTO HOME	G15258213	Gastos mantemento	20.000€	3	1500€
QUIÑONES DE LEÓN	G36760064	Gastos mantemento	14.000€	2	1.000€

SAN FRANCISCO	G36613891	Gastos mantemento	3.000€	3	1.500€
SODINÁUTICA	G36796142	Gastos mantemento	2.000€	2	1.000€
VIUDAS DEMÓCRATAS	G36964757	Gastos mantemento	1.265€	2,50	1.250€
XOGADORES ANÓNIMOS	G36730059	Gastos mantemento	2.500	3,50	1.750€
				TOTAL.....	53.000€

2º.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por no ser conformes coas base das reguladoras do Programa, aprobadas en Xunta Local de Goberno de 18 de maio de 2009:

- ◆ Desestimacións de solicitudes de actividades de asociacións e entidades de maiores e de Benestar Social:

ENTIDADE	CAUSA
ADDIS GALICIA	Base primeira, e base segunda, segundo punto da lista de exclusións
AMENCER ASPACE	Base primeira, e base segunda, segundo punto da lista de exclusións
ASOCIACIÓN COMITÉ DE DEFENSA DOS PRESOS “CONCEPCIÓN ARENAL”	Base segunda, incúmplese o apartado a)
ASOCIACIÓN INCLUSIÓN	Base segunda, segundo e terceiro puntos da lista de exclusións
AZO (ASOCIACIÓN GALEGA DE APOIO Ó DESENVOLVEMENTO DO INMIGRANTE E EMIGRANTE RETORNADO)	Base segunda, segundo e terceiro puntos da lista de exclusións
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “MONTE DA MINA” DE CASTRELOS	Base segunda, segundo e terceiro puntos da lista de exclusións
ASOCIACIÓN “XOGAIS”	Base segunda, segundo punto da lista de exclusións

- ◆ Desestimacións de solicitudes de programa de **mantemento** de asociacións e entidades de maiores e de Benestar Social:

ENTIDADE	CAUSA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “O	Base segunda, segundo punto da lista de exclusións

<i>FREIXO</i>	
<i>AGRUPACIÓN DEPORTIVA "XOGARA"</i>	<i>Base segunda, primeiro e segundo puntos da lista de exclusións</i>

43(1474).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.